

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCÍONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaseis de setembro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao

efecto convocada, e sendo as dez horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de setembro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Asociación cultural de veciños “San Estebo de Carboentes”

ANTECEDENTES

1. Dona Sonia Rodríguez Gómez, con DNI núm. [REDACTED], na representación que ostenta no presente expediente da ASOCIACIÓN CULTURAL DE VECIÑOS “SAN ESTEBO DE CARBOENTES”, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio

social no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes, solicita con data 30 de marzo de 2026 (RE-E núm. 218) licenza municipal para RECONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN TRADICIONAL, con emprazamento no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes.

2. Achégase proxecto técnico básico redactado polo arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez, en data 30/03/26; así como proxecto de execución redactado pola mesma técnica facultativa en data 02/09/26.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “*solo de núcleo rural*” polo PXOM en vigor.
4. As obras solicitadas consisten na reconstrución da cuberta dun dos volumes que forman parte dun conxunto edificatorio tradicional, actualmente en avanzado estado de deterioro e coa cuberta derruída. A actuación non modifica a volumetría nin a configuración exterior orixinal da edificación, non afectando as obras á composición das fachadas nin aos espazos interiores, e constitúe a primeira fase do proceso de rehabilitación do conxunto afectado.

5. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria Primeira da LSG, na que se establece que ao Solo de Núcleo Rural e ás areas de expansión dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, aplicaráselles o disposto no planeamento respectivo, agás o que se refire as edificacións tradicionais existentes, ás cales será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG. Ao tratarse dunha edificación tradicional anterior a 1975, a rehabilitación ampárase no artigo 40 da LSG e no artigo 63 do RLSG, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos ordinarios, agás o límite de altura, sempre que se manteñan as características esenciais da edificación.
6. O inmovible a rehabilitar dispón da seguinte referencia catastral: 36047A113000870001BT.
7. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de VINTE E UN MIL CATROCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (21.465,25 €).
8. Consta asemade no expediente a seguinte autorización de carácter sectorial:
 - Autorización, con condicionantes, do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Pontevedra, de data 27/08/26 (expediente núm. [REDACTED]).
9. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
10. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
11. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.

12. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER á ASOCIACIÓN CULTURAL DE VECIÑOS “SAN ESTEBO DE CARBOENTES” licenza municipal para **RECONSTRUCCIÓN DE CUBERTA EN EDIFICACIÓN TRADICIONAL**, con emprazamento no lugar de Carboentes, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico redactado polo arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez, en data 30/03/26, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) Condición previa ao inicio das obras:
 - Deberá presentarse unha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución, visado polo colexio profesional, xunto coa documentación complementaria que proceda e a esixida no artigo 143.4 da LSG.
- d) A tella que se utilice para o remate da cuberta deberá ser de cor vermella, segundo a tipoloxía propia da zona.

SEGUNDO.- Aprobado a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de **CATROCIENTOS VINTE E NOVE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (429,30 €)**.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CENTO SETE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (107,32 €).

3.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

— María Cruz González Lois

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 3 de setembro de 2025, concedeuse a Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Pontevedra, licenza municipal de obras para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar da Aldea de Riba, parroquia de Riobó, con estrita suxeición ao proxecto básico e de execución (visado colexial núm. [REDACTED], do 21/05/24), redactado pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez.
2. Con data 25 de setembro de 2025 (RE-E núm. 595), Dona Sonia Rodríguez Gómez, na representación que ostenta da titular da licenza, solicita a súa modificación achegando proxecto técnico básico e de execución modificado (visado colexial núm. [REDACTED], do 02/09/25) e anexo de data 25/08/26, redactados pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Isabel Fernández-Gago Longueira.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo

correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de setembro de 2025.

2. A modificación proxectada afecta fundamentalmente ás dimensións e disposición dalgúns dos ocos da fachada, ao material das carpinterías exteriores e á regularización da parte superior dos muros de cachotería mediante a execución dun zuncho perimetral. O volume da edificación pasa de 304,75 m³ a 323,33 m³, incremento inferior ao límite do 50 % establecido no artigo 40 da LSG.
3. Por resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Pontevedra, de data 19 de setembro de 2025, autorízanse as modificacións manténdose o xa autorizado na resolución de data 6 de xuño de 2025 cos seus condicionantes (expediente núm. [REDACTED])
4. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
5. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
6. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 3 de setembro de 2025, de conformidade co proxecto técnico básico e de execución modificado (visado colexial núm. [REDACTED], do 02/09/25) e anexo de data 25/08/26, redactados pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA DE “REPARACIÓN, MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE SANTA BAIA, FAFIÁN, SAN SALVADOR, NEGRELOS E O AZ”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2025

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2 correspondente á obra de *“Reparación, mellora e pavimentación de camiños nas parroquias de Santa Baia, Fafián, San Salvador, Negrelos e O Az”*, incluída no Plan Máis Provincia 2025, por importe de TRINTA E DOUS MIL NOVECENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (32.932,97 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 32.932,97 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2026-259 (FACe), de data 09/09/26, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

5.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA” – EXPEDIENTE PASS-O 1/2026

De conformidade co establecido na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado *“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA”*, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de *“PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN PEDROSO-GURGUEIRO. CONCELLOS DE RODEIRO E AGOLADA”* ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello ou quen legalmente lle substitúa.

VOGAIS: José M^a Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco Javier Lamazares García, funcionario do Concello.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por IT, derivada de enfermidade común, con data 10 de setembro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2026, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ VANESSA FRANCIELLY ACIOLY DE SANTANA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que con data 1 de setembro de 2026 o Xulgado da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela (Praza núm. 1) ditou sentenza, en autos de procedemento ordinario núm. 0000421/2024, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: *“Se inadmite el recurso contencioso-administrativo contra el Acuerdo de Pérdida de derecho al cobro de subvención y reintegro de ayuda dictado por la directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de la Xunta de Galicia el 12.06.2024, interpuesto por la representación procesal del CONCELLO DE RODEIRO frente a AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER).*

Las costas se imponen a la parte demandante, con una limitación de 700 euros”.

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, autorizar a interposición do correspondente recurso contra a sentenza sinalada.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.146,50 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 13/26.
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 484,00 €
Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. S26/067465 (FACe).
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 22,17 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 13538.
- BOTICA AGRODEIRO S.L. 124,39 €
Por subministro de produtos de limpeza, s/facturas núm. 26FV/714 e 26FV/856.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 142,64 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de agosto de 2026, s/facturas núm. 4004780223 e 4004789460 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.623,50 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202619900020006770 (FACe).

- XUNTA DE GALICIA 4.667,35 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao segundo cuadrimestre de 2026, s/cargo.
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE, SENTIR E CREAR 7.800,00 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Campamento de verán Rodeiro de aventura 2026*” nos meses de xullo e agosto de 2026, s/factura núm. 11 (FACe).
- BOTICAAGRODEIRO S.L 186,00 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 26FV/437.
- EDITORIAL GALAXIA S.A. 53,09 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. EF-260175 (FACe).
- CARLOS GONZÁLEZ MEIJIDE 39,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. C0632026 (FACe).
- DANIEL ARES BLANCO 16,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. 2026E/12 (FACe).
- RINOCERONTE EDITORA S.L.U. 18,00 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. BNE/26060 (FACe).
- PLANET 8 GROUP S.L. 47,70 €
Por adquisición de libros en galego para a biblioteca municipal, s/factura núm. F26/343 (FACe).

- PENELA S.C. 109,02 €
Por subministro de materiais para a piscina municipal, s/factura núm. 49.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 1.563,97 €
Por subministro de materiais de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000660 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba II”

- GSÍ DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 171,09 €
Por subministro de vestiario de traballo e EPIs, s/factura núm. FAC/15450 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 532,40 €
Por aluguer de desbrozadoras no mes de agosto de 2026, s/factura núm. 2026 A 004041 (FACe).
- PRIMO LALÍN S.L. 1.384,74 €
Por subministro de diverso material de construción, s/factura núm. 202600780.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)